

ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIONS

ARTIGO 1.º.-OBXECTO E NATUREZA.

1.1.-Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación das regras básicas que rexirán as convocatorias de subvencións a conceder por este Concello.

1.2.-Poderán ser obxecto de subvención as actividades que se relacionan:

Actividades de promoción e cooperación cultural.

Actividades de promoción do deporte e outras actividades de esparcemento.

Actividades de cooperación en actividades de promoción e reinserción social.

Actividades de promoción do comercio e turismo.

Actividades dirixidas á formación do alumnado, funcionamento das APAS e demais actividades dirixidas ao sector educativo.

Actividades que fomenten a participación cidadán.

E, en xeral, actividades que persigan un interese social ou que sexan de utilidade pública.

1.3.-Clases de subvencións.-De acordo co procedemento de concesión, as subvencións poden clasificarse en:

a) Subvencións de concesión directa: son as previstas nominativamente no orzamento, aquelas cuxo outorgamento ou contía vén imposta por unha norma de rango legal, aquelas nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, que dificulten a súa convocatoria pública e, con carácter excepcional, aquelas nas que se acrediten razóns debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

b) Subvencións concedidas en réxime de concorrencia: aquelas nas que a concesión se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas co fin de establecer unha prelación de acordo con criterios de valoración previamente fixados na ordenanza xeral e na convocatoria.

1.4.-De conformidade coas competencias do artigo 25 da Lei 7/1985, realizaránse convocatorias de subvencións, sendo o órgano competente para dita convocatoria a Xunta de Goberno Local, que concretará as normas para a solicitude, concesión, importes (dentro dos créditos dispoñibles nas respectivas aplicacións presupostarias), xustificación e pagamento.

1.5.-Non están comprendidas no ámbito de aplicación deste capítulo as aportacións dinararias realizadas a outras Administracións Públicas cando sexa en cumprimento dun convenio de colaboración, como aportación do Concello a un gasto que vaia revertir en interese do mesmo, en execución dunha disposición legal, etc. Asimesmo non están

incluídas no ámbito de aplicación do presente capítulo aquelas aportacións que sexan consecuencia dunha sentenza xudicial firme.

1.6.-Tampouco están sometidas ás disposicións deste capítulo as aportacións anuais, realizadas polo Concello de Carballo como membro de, entre outras, as seguintes asociacións, segundo cuotas aprobadas polos respectivos órganos de goberno:

- Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).
- Federación Galega de Municipios e provincias (FEGAMP).
- Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Fundación Universidade da Coruña.

Neste caso, o soporte xustificativo do gasto será, ou ben o recibo emitido pola asociación, ou ben a acta da sesión do órgano de goberno respectivo onde se determine a cuota correspondente.

ARTIGO 2.º.-DESTINATARIOS E SOLICITUDES.

2.1.a. Poderán solicitar as subvencións, as persoas xurídicas, agrupacións veciñais, comités organizadores ou persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver a súa actividade dentro do ámbito municipal.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica co Concello. As persoas xurídicas, estarán validamente constituídas e rexistradas no rexistro municipal de asociacións.

2.1.b. Poderán acceder á condición de beneficiario de subvencións as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que , aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se encontren na situación de que motiva a concesión da subvención. Para poder acceder á condición de beneficiario, ha de cumprir os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver a súa actividade dentro do ámbito municipal.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica co Concello. As persoas xurídicas, estarán validamente constituídas e rexistradas no rexistro municipal de asociacións.

2.2. As solicitudes dirixiranse ó Concello de Carballo, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios recollidos no artigo 38 da Lei 30/1992 e serán formuladas polos representantes legais das asociacións e demais persoas xurídicas. Poderán acceder a condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se encontren na situación que a concesión da subvención.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación, segundo os casos aos que sexa aplicable:

- Memoria explicativa das actividades que se pretenden realizar, con indicación de data e lugar de realización, número de beneficiarios, presuposto de ingresos e gastos da actividade coa expresión da financiación prevista, responsables da actividade, obxectivos e fins concretos a que se destinarán as axudas. Calquera modificación dos datos que conteña a memoria deberá ser autorizada polo Concello.

- Número de inscrición no Rexistro Municipal.

- Certificación expedida polos organismos competentes que acredite estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Carballo, Axencia Tributaria e frente a Seguridade Social.

- Código de Identificación fiscal da entidade.

- Documento Nacional de Identidade do representante da entidade ou asociación.

- Declaración xurada das axudas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado.

- Certificación da conta bancaria a nome da asociación.

- No seu caso, indicación das persoas, compromisos e nombramento de apoderado a que se refire o artigo 11.2 e 3 da Lei Xeral de Subvencións.

2.3. O prazo ordinario de presentación das solicitudes será dun mes, a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria respectiva no Boletín Oficial da Provincia.

2.4. As solicitudes que incumpran os requisitos documentais anteditos, non se admitirán a trámite, sen prexuízo da aplicación do artigo 71 da Lei 30/1992, en relación coa subsanación e mellora das solicitudes.

ARTIGO 3.º.-IMPORTE DAS SUBVENCIONES.

3.1. O importe da subvención non poderá ser de tal contía que aislada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas de natureza económica concedidas por outras administracións ou entidades, supere o custo total da actividade a desenrolar polo beneficiario.

3.2. Con carácter xeral, o importe a subvencionar será do 50% do custo total da actividade sen prexuízo do que o Concello poida variar dito importe en función do interese da mesma

ARTIGO 4.º.-CRITERIOS DE VALORACIÓN.

4.1. Na avaliación dos proxectos presentados teranse en conta os seguintes criterios:

Carácter periódico e permanente das actividades obxecto da subvención.

Colaboración co Concello no desenrolo de actividades culturais, deportivas e de utilidade pública e interese social.

Número de beneficiarios.

Outras circunstancias previstas expresamente nas bases da convocatoria.

4.2. Os beneficiarios de subvencións municipais estarán obrigados a poñer en coñecemento do Concello a concesión de outras axudas de organismos públicos para a mesma finalidade. En ningún caso o importe da axuda municipal concedida poderá ser de tal cuantía que, en concurrencia con subvencións ou axudas de outras administracións ou Entes Públicos, supere o custe da actividade a desenvolver polo beneficiário.

ARTIGO 5.º.-RESOLUCIÓNS.

5.1. As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios de outorgamento especificados nas correspondentes bases. Resolverá a Xunta de Goberno Local, logo da proposta motivada da comisión avaliadora correspondente. O Concello poderá recabar o asesoramento de expertos nas materias subvencionables.

5.2. O acordo de concesión da subvención publicarase na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios do Concello, e notificarase individualmente a cada un dos solicitantes. Ademais publicarase no Boletín Oficial da Provincia un extracto da resolución pola que se ordena a publicación, indicando os lugares onde se encontra exposto o seu contido íntegro. Exceptúase desta última publicación os supostos contidos no apartado 3 do artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións.

5.3. A resolución será notificada a tódolos solicitantes de subvencións no prazo dun mes a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

5.4. Non obstante o anterior, non se procederá á publicidade cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contrario ao respecto e salvagarda da honra, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas.

ARTIGO 6.º.-XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

6.1. A xustificación da realización das actividades subvencionadas deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello con destino ó servizo que conceda a subvención, o cal deberá conformar dita xustificación.

6.2. As subvencións poderán concederse para actividades xa rematadas o para aquelas que no momento de solicitarse, aínda non tiveran lugar, é dicir, "a xustificar".

6.3. No suposto de actividades rematadas, os solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude os seguintes documentos xustificativos:

Balace de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionable.

Memoria que acredite a realización da actividade e grao de cumprimento dos obxectivos.

Facturas orixinais debidamente cumprimentadas ou fotocopias compulsadas comprensivas dos gastos realizados no exercicio da actividade.

Nas facturas deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida, especificando a súa utilización para a xustificación da subvención da convocatoria correspondente.

E, en todo caso, as facturas estarán datadas no exercicio económico para o que se concedera a subvención.

6.4. No suposto de actividades "a xustificar", os perceptores presentarán no prazo de tres meses a contar dende a data da notificación do outorgamento da subvención ou, no suposto de que finalizado dito prazo a actividade subvencionada non estivera rematada, antes do fin do exercicio económico, os seguintes documentos:

Certificación de que a subvención ingresouse na conta respectiva e se rexistrou na contabilidade da persoa xurídica.

Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionable co obxecto de comprobar que se axustou ó presuposto inicialmente presentado.

Memoria que acredite a realización da actividade e grao de cumprimento dos obxectivos.

Facturas orixinais debidamente cumprimentadas ou fotocopias compulsadas comprensivas dos gastos realizados en exercicio da actividade

Nas facturas deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida, especificando a súa utilización para a xustificación da subvención da convocatoria correspondente.

E, en todo caso, as facturas estarán datadas no exercicio económico para o que se concedera a subvención.

6.5. No suposto de que a actividade outorgada se destine a actividades desenvoladas por persoas físicas, o perceptor da mesma queda obrigado a xustificar a realización da mesma acreditando que se produciu a correspondente retención do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

6.6. Os beneficiarios quedarán sometidos á responsabilidade e ao réxime sancionador establecido nos artigos 52 ao 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e no seu regulamento e, en consecuencia, o incumprimento das normas reguladoras da subvención, e no suposto de exceso obtido entre a axuda económica e o custo da actividade desenvolada, implicará a obriga do perceptor do reintegro da totalidade ou a parte que corresponda das cantidades percibidas e intereses de demora correspondentes dende o momento do pago da subvención.

6.7. Se considerarán gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estrictamente necesarios e se realicen no prazo establecido polas diferentes convocatorias das subvencións.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) os intereses debedores das contas bancarias
- b) intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.
- d) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) Impostos personais sobre da renda.

6.8. Agás no caso que o órgano concedente a través da aprobación das convocatorias estableza o contrario, segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei Xeral de Subvencións, considerarase gasto realizado o que fora efectivamente pagado durante o período que se estableza na respectiva convocatoria.

ARTIGO 7.º.-SUBVENCIONS DIRECTAS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL.

7.1. Para estes efectos entenderase por subvención nominativa aquela que se outorgue excepcional e motivadamente a un ente público ou a unha entidade privada sen ánimo de lucro por razóns tan singulares de interese público que non permitan ou non fagan conveniente a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia.

7.2 Excepcionalmente, poderáanse outorgar subvencións directas (non suxeitas ós principios de publicidade e concorrencia) cando se acrediten razóns de interés público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria, sendo un dos motivos, será a creación da Entidade beneficiaria unha vez resolto o procedemento de concesión das correspondentes subvencións.

Únicamente poderanse destinar a tales efectos ata un máximo dun 5% dos créditos consignados nas aplicacións orzamentarias correspondentes a subvencións.

7.3. Un tipo específico de subvención directa, son as axudas de emerxencia social. Son subvencións directas que obedecen, fundamentalmente, a razóns de carácter humanitario, económico ou social, e a éstas non lle será aplicable o límite do 5% establecido no párrafo anterior. A tramitación será:

- Solicitude motivada da persoa interesada, dirixida aos servizos sociais do Concello.

- Informe dos servizos sociais, no que se valore a concorrencia das circunstancias anteriormente mencionadas, e en concreto, a carencia de recursos do beneficiario.

- Si se establece con carácter prepagable, extremo que deberá ser motivado no informe de servizos sociais, efectuarase un pago a xustificar a nome do persoal de servizos sociais que tramite o procedemento.

- Xustificación da aplicación da subvención á finalidade concedida.

- Nos restantes aspectos, estas axudas rexeranse pola normativa específica de servizos sociais.

ARTIGO 8.º.-OBRIGAS DO BENEFICIARIO.

1.-Realizar a actividade ou adquirir os equipamentos para o que se outorgou a subvención, e non modificar a programación de actividades aprobadas sen autorización expresa do Concello.

2.-Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención, coa presentación en prazo da documentación xustificativa.

3.-Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención municipal.

4.-Comunicarlle ao Concello, tan pronto como teñan coñecemento, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.

5.-Sinalar na difusión que se faga das actividades que contan co financiamento do Concello.

6.-Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que se realizan.

7.-Cumprir con calquera outra obriga reflectida no artigo 14 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

ARTIGO 9.-CONTROL E REVOCACIÓN DA SUBVENCIÓN.

9.1. O Concello de Carballo reserva para sí o dereito a orientar tecnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos así como a efectiva realización delas e a estender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

9.2. O Concello de Carballo poderá revocar e esixir o reintegro desta nos seguintes casos:

a) Obtención de subvención sen reunir os requisitos esixidos para a mesma.

b) Incumprimento das obrigas impostas.

c) Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida.

d) Incumprimento da obriga de xustificar o obxecto da subvención

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Para o non previsto nesta ordenanza será de aplicación de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia as convocatorias das subvención non nominativas e os acordos e convenios a través dos que se outorguen subvencións nominativas e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL

Para cada convocatoria concreta especificaranse os requisitos, crédito presupostario e demais condicións específicas que, en corcondancia coa presente norma, proceda establecer.

A convocatoria publicarase, como regra xeral, no Boletín Oficial da Provincia. No caso de que a súa escasa contía e outras circunstancias motivadas así o aconsellen, poderase substituír a publicación no Boletín Oficial da Provincia polo anuncio en prensa, no taboleiro de anuncios do Concello e mediante bandos de Alcaldía.

DILIXENCIA: Esta ordenanza foi aprobada inicialmente polo pleno da corporación na sesión do 30/11/2015. A publicación definitiva do texto fíxose no Boletín Oficial da Provincia do 03/02/2016.

